



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 4 DE AGOSTO DE 2016	
LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA	
TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro

D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro do PSdeG-PSOE

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira do PSdeG-PSOE

D. LUIS RENDO ARAUJO

Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA

Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS

Concelleira

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS

Concelleira

GRUPO BNG

SECRETARIA

DNA. M^a JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

FALTAN Á SESIÓN

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS

Alcalde-Presidente

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS

Concelleiro do BNG

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas trinta minutos do día catro de agosto de dous mil dezaseis, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria Accidental do Concello, Dna. M^a Jesusa Fernández Bascuas.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á MOCIÓN CONXUNTA DE TODOS OS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS RELATIVA Á CARBALLEIRA DA FEIRA DE A SAGRADA (CODESEDA).

O Sr. Alcalde en funcións da letura a este punto dicindo que se trata dunha moción conxunta de todos os grupos políticos municipais sobre a Carballeira da Feira de A Sagrada, sita en Codeseda, e que foi tratada previamente na Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente. Continúa explicando que, con motivo do proceso de concentración parcelaria de Codeseda, atópase clasificada como masa común a Carballeira de A Sagrada, un lugar de reunión social para a

celebración de eventos religiosos ou festivos, ademais de zona de xogos para os máis cativos, sen esquecer que nese predio atópase ubicado un cruceiro do século XVIII; polo anterior, considera que é importante que dito predio pase a ser propiedade do Concello da Estrada, co fin de seguer mantendo o uso que se lle está dando na actualidade, polo que, nesta moción, se propón solicitar á Consellería de Medio Rural que esta parcela deixa de ter a catalogación de masa común e quede baixo a titularidade do Concello da Estrada.

Intervén a Concelleira de PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para dicir que esa moción conxunta vai co compromiso do Concello de garantir que os veciños poidan seguer disfrutando da nomeada Carballeira na mesma medida que estaban a facer ata de agora, e, en base a ese compromiso, o seu grupo apoia e asina esta moción conxunta, sobre todo tendo en conta que se trata dun ben patrimonial e, como tal, debe de coidarse e administrarse a súa utilización sempre en beneficio dos veciños.

Pide a palabra a Concelleira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifestando que o seu grupo político está a favor desta Moción conxunta, xa que vai en defensa do ben común, garantindo o uso veciñal deste espazo. Por último, agradece a iniciativa dos veciños de Codeseda.

Toma a palabra o **Sr. Alcalde en funcións** para aclarar que esta moción é produto dunha previa solicitude dos veciños de Codeseda, sendo de lei apoiar esta iniciativa así como loitar por o mantemento destes espazos, sendo o organismos máis adecuado para elo o propio Concello.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o escrito presentado con data 22/07/2016 (RE nº 9654) pola Asociación “Codeseda Viva” e outros particulares asinantes, solicitando que a parcela número 924 do polígono de masas nº 5, coñecida tradicionalmente como A Carballeira da Feira, deixa de ter a catalogación de masa común e quede baixo a titularidade do Concello da Estrada no proceso de concentración parcelaria, de sorte que os usos futuros a quedar recoñecidos serían:

- Zona verde: xustificada, porque a maioría dos carballos que a compoñen teñen máis de cen anos.
- Recreativo: xustificado, porque sempre foi un lugar típico onde xogaron os rapaces e se celebraron dende sempre feiras e festas.
- Relixioso: xustificado, por ser o recorrido tradicional das procesións relixiosas e ubicarse nela un cruceiro de finais do século XVIII.
- Aparcamento: xustificado, por ser, especialmente nos laterais este e oeste, lugar típico de aparcamento en ocasión de gran concurrencia de xente como bodas ou enterros ou para servizo das vivendas.

Vista a moción conxunta que sobre o respecto perfilan/presentan todos os grupos políticos municipais con data 28/07/2016 que se transcribe de seguido:

“Os grupos políticos integrantes do Pleno municipal do Concello da Estrada, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate a aprobación polo Pleno unha MOCIÓN relativa a TITULARIDADE DA PARCELA NO 924 POLÍGONO 5 DA Z.C.P. DE CODESEDA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade, estase a levar a cabo o proceso de zona de concentración parcelaria da parroquia de Codeseda.

Entre as fincas de reemprazo atópase a Finca nº 924 do Polígono nº 5, coñecida

tradicionalmente como A Carballeira da Feira, sita no lugar da Sagrada, punto de encontro de gran actividade lúdico-comercial, sendo esta unha zona usada polos veciños como zona verde, zona de xogos para os máis cativos, como zona de aparcamento para todos aqueles que se achegan, ...

Non se pode esquecer, que neste predio se atopa un cruceiro de finais do século XVIII. e na parcela colindante radica a igrexa de Codeseda, feito que nas festas relixiosas se leve a cabo unha procesión dende o templo ao cruceiro a través desta parcela.

Polo exposto, someter ao PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL a adopción do seguinte acordo:

–Solicitar á Consellería do Medio Rural, que a Finca nº 924 do Polígono nº 5, da ZCP de Codeseda – A Estrada, pase a titularidade municipal, en lugar de masa común, por ser unha parcela da que están a disfrutar non só os veciños de Codeseda, senón todos aqueles visitantes que se achegan á Sagrada para disfrutar dunha zona verde, e cómo non en época das festas, dun lugar tradicionalmente festivo-relixioso ”.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Medio Rural e Medio Ambiente en sesión do 28/07/2016.

ACORDAMOS:

Solicitar á Consellería do Medio Rural que a finca núm. 924 do Polígono 5 da ZCP de Codeseda – A Estrada, pase a titularidade municipal, en lugar de masa común, debido por unha parte, a que o Concello é o mellor garante dos usos relacionados e, por outra banda, por ser unha parcela da que están a disfrutar non só os veciños de Codeseda, senón todos aqueles visitantes que se achegan á Sagrada para disfrutar dunha zona verde, e cómo non, en época das festas, dun lugar tradicionalmente festivo-relixioso .

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 E O 30 DE XUÑO DE 2016. Dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre o 1 e o 30 de xuño de 2016 (ambos os dous incluídos), e que van dende o nº 456/2016 ao nº 572/2016 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

Antes de pasar ao punto de Rogos e Preguntas, o Sr. Alcalde en funcións pregunta aos membros asistentes a esta sesión plenaria se teñen algunha moción de urxencia para levar fóra da Orde do Día.

A) DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS DO CONCELLO DA ESTRADA PARA O ANO 2017.-

O Sr. Alcalde en funcións propón incluír fóra da Orde do Día un ditame da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, adoptado en sesión do 1 de agosto de 2016, relativo á determinación dos festivos locais do noso Concello para o ano 2017. Motiva a urxencia no compromiso con todos os sectores (Mesa Local de Comercio e Consello Económico Social) de incorporar este asunto nesta sesión plenaria

Votáse a urxencia deste asunto para a súa inclusión fóra da Orde do Día desta sesión, aprobándose por unanimidade.

Inicia o turno de intervencións o Concelleiro do Partido Popular, **D. Alberto Blanco**, quen di que, tal como se ditaminou na Comisión Informativa de Organización, previos acordos da Mesa Local de Comercio e Consello Económico Social, se propón que nesta sesión plenaria sexan aprobados os días 26 e 27 de xuño como festivos locais para o vindeiro ano 2017.

A **Sra. Mar Blanco** (Concelleira de MÓVETE) di que se vai a abster na votación por entender que dous días festivos, seguidos despois dun domingo, prexudican ao comercio local, considerando que sería máis factible que un deses días fora o Martes de Entroido e, deste xeito, fomentar a participación cidadán.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, adoptándose, por maioría (cos votos a favor do PP e PsdeG-PSOE, e a abstención de MÓVETE), o seguinte **ACORDO**:

Vista a comunicación do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con entrada no Concello o 19 de xullo de 2016 (RE nº 9463), solicitando do Concello proposta sobre as datas dos días festivos locais para o ano 2017.

Atendendo aos costumes e usos propios da Vila no relativo ás súas festas máis sinaladas.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social na súa sesión do 26 de xullo de 2016, para que os festivos locais sexan os días 26 e 27 de xuño de 2017.

Visto o pronunciamento da Mesa de Comercio Local día 26 de xullo de 2016, para que os festivos locais sexan os días 26 e 27 de xuño de 2017.

Vista a competencia do Pleno da Corporación para propor á Xunta de Galicia as dúas festas laborais de carácter local, segundo os artigos 45 e 46 do RD 2001/1983.

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais en sesión do 01/08/2016.

ACORDAMOS:

1º.- Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2017 os días 26 e 27 de xuño de 2017.

2º.- Dése traslado deste Acordo á Xefatura Territorial do Servizo de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar (con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, 2º – 36201 Vigo).

B) MOCIÓN DO PsdeG-PSOE SOBRE A EXECUCIÓN DE MELLORAS NO CENTRO DE SAÚDE DA ESTRADA.-

O **Sr. Alcalde en funcións** propón que se inclúa fóra da Orde do Día unha moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, dabatida xa na Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión do 1 de agosto pasado, relativa á execución de melloras no Centro de Saúde da Estrada.

Para motivar a urxencia deste asunto se lle concede a palabra á voceira do Partido Socialista, **Dna. Belén Louzao**, quen xustifica a urxencia na necesidade de acometer ditas obras e, no tempo en que se levan pedindo ditos traballos de mellora en diferentes sesións plenarias e nas cales se adoptaron diferentes acordos sobre este tema, lle gustaría saber que pasaron con eses acordos. Por outra banda, considera que a proximidade das eleccións da Xunta de Galicia fai máis urxente, se cabe, o tratar esta moción.

Votáse a urxencia deste asunto para a súa inclusión fóra da Orde do Día desta sesión, aprobándose por unanimidade.

Co fin de expoñer os motivos e contido desta moción toma a palabra a **Sra. Belén Louzao**, a cal comeza expoñendo que o Centro de Saúde da Estrada data do ano 1970, polo que xa pasaron 40 anos dende a súa construción, notándose a día de hoxe as súas feridas e os danos existentes na actualidade na súa infraestrutura, que se traducen tamén en certas necesidades dos usuarios á hora de acceder ao mesmo, sobre todo aquelas persoas con necesidades de movemento, así como os propios condutores das ambulancias, os cales sufren de diversos impedimentos á hora de facer o seu traballo. Recorda a Sra. Louzao que fai máis dun ano este Pleno reclamou á Xunta de Galicia para que fixera unhas melloras máis que necesarias neste Centro de Saúde, demandas que todos os membros da corporación apoiaron. Tamén lembra que se remitiu á Xunta un proxecto no que traballaron todos os Concelleiros para poñer fin a esas deficiencias e levar a cabo as melloras necesarias dos centro; con posterioridade, celebrouse unha reunión entre o Alcalde deste Concello e o Conselleiro de Sanidade na que se chegou ao compromiso de contemplar nos orzamentos de 2016 unha cantidade para levar a cabo estas demandas.

Continúa a súa exposición dicindo que o Centro de Saúde da Estrada conta cuns excelentes profesionais, recoñecidos a nivel nacional e internacional, e que se trata do centro aos que todos temos que acudir en caso de urxencia, un centro que atende a moita xente. Polo anterior non entende porque non se fai nada por solucionar as deficiencias coas que conta o Centro de Saúde, non entende o silencio existente neste tema, nin entende tampouco porque o grupo de goberno non pide explicacións. Ante o dito, di que neste moción se solicita da Consellería de Sanidade que comunique se, efectivamente, vai a realizar cos orzamentos de 2016 as obras necesarias para o acondicionamento do Centro de Saúde da Estrada, sobre todo agora, cando se acaban de convocar de xeito precipitado as Eleccións ao Parlamento de Galicia. Ademais aclara que non lle vale a contestación que se lle deu na Comisión sobre que, como se vai a proxectar un novo centro de saúde, non é necesario arranxar o existente, porque, ante os antecendentes, non cré que dito proxecto se leve a cabo, de feito cita varias promesas do Sr. Alcalde na execución de diferentes proxectos, citando o proxecto da Alameda (promesa do 2005); no 2009 se prometía a licitación e execución da autovía no 2011; no 2012 o Sr. Alcalde falaba das expropiacións da Cidade do Moble, e agora, no 2016, se di que non se fan as obras para arranxar o Centro de Saúde actual porque se vai a facer un novo. Ante o anterior di que o seu grupo político vai a apoiar ese proxecto e van a esixir que esa promesa se cumpra, pero ata que se faga o novo Centro hai que seguer usando o anterior, sendo necesario e imprescindible arranxar as súas deficiencias actuais, ante iso considera que se debe esixir á Xunta de Galicia que cumpra co compromiso adoptado polo Conselleiro para que neste ano se fagan as melloras prometidas, así como instar á Xunta para que explique se esas melloras van a ser realizadas, e non sexa un farol máis da Xunta e do grupo de goberno Concello da Estrada.

Intervén á **Sra. Mar Blanco** dicindo que lle costa crer que o concello de A Estrada conte cun novo Centro de Saúde a curto prazo, xa que se en coarenta anos ningún Alcalde foi capaz de conseguir que a Consellería executara unha serie de melloras básicas no actual Centro de Saúde, entón parécelle complicado que agora, en dous anos, se vaia a construír un novo Centro de Saúde. Ante o anterior, recorda a Sra. Blanco que a última mostra do desinterese por parte da Consellería hacia o Concello da Estrada foi cando fixo caso omiso do acordo plenario polo que se lle instaba a execución das reformas do dito centro. Polo dito, manifesta que se non hai capacidade para executar unhas obras de reformas básicas, entón difilmente se poderá contar cun Centro de Saúde novo. Sen embargo, aínda que dito proxecto se levara a cabo, di que as melloras que necesita o actual centro son urxentes e inaprazables. Finalmente, polo sinalado, manifesta o seu apoio a esta moción.

Toma a palabra o **Sr. Alberto Blanco** dicindo que non quere falar de promesas incumpridas, senón que prefire falar de realidades e, neste senso, o grupo de goberno sempre que prometeu facer algo o fixo, non querendo entrar en este tipo de debate. Continúa explicando que se fixo o espazo dotacional da Baiuca, dentro do cal se reserva un terreo para a construción dun novo Centro de Saúde. Sinala que o seu grupo considera necesarias melloras no actual centro, pero non quere distraer os recursos cos que se contan para a construción do novo. Manifesta tamén que non

considera importante a creación dun cronograma, sobre todo tendo en conta a rapidez no que se está levando a cabo o procedemento, sobre todo tendo en conta que mañán se asinará un convenio entre o Conselleiro e o Alcalde, no que o Concello da Estrada se compromete por a disposición da Consellería a parcela para esa nova construción, o que deixa constancia do compromiso en firme da edificación do novo Centro de Saúde, previsto para o vindeiro ano 2017, polo que facer reformas no actual sería innecesario, ocasionando molestias aos usuarios. Polo exposto, considera que se debe concentrar os esforzos nun único sentido, polo que se opoñen a esta moción.

Volve a intervir a **Sra. Belén Louzao** dicindo que o considerar como unha molestia aquilo que vai a beneficiar o emprego do Centro de Saúde actual lle parece inaudito, sobre todo tendo en conta o pasado, onde se asinaron Convenios que non redundaron en nada; por iso recorda que estamos a falar do orzamento 2016, orzamento para reformas, e o grupo de goberno está a falar do novo Centro de Saúde para o ano 2017, polo que considera que unha cousa non quita a outra, considerando que os veciños da Estrada se merecen esa mellora de accesos ao Centro de Saúde.

Toma a palabra novamente o **Sr. Alberto Blanco** para recordar que, despois dunha conversación mantida co Conselleiro de Sanidade e co responsable do Centro de Saúde, se está tomando decisións de acordo coa dita conversación.

Pregunta a **Sra. Louzao**, quen era o responsable do Centro de Saúde.

Contesta o **Sr. Blanco** que non sabe agora mesma os asistentes a dita reunión, pero se lle facilitará os nomes dos que acudiron á mesma.

A **Sra. Louzao** pide que conste en acta a petición de que lle sexa facilitada a relación de persoas que acudiron a esa reunión onde se tomou esa decisión.

Aclara o **Sr. Blanco** que non se tomou ningunha decisión, máis ben se manifestou un punto de vista, tratouse dunha reunión na que, ante o manifestado polo Sr. Conselleiro, cada un manifesta a súa opinión, nada máis.

O **Sr. Alcalde en funcións** di que, despois de escoitar a exposición de motivos, e pendente de facilitarlle á Sra. Louzao dos nomes dos asistentes a esa reunión da que se fala (a modo totalmente informativo) o máis pronto posible, informando que mañán se espera a visita do Sr. Conselleiro para a sinatura do Convenio co fin de poñer a disposición da Xunta da parcela e o inicio de todos os trámites necesarios para a construción do novo Centro de Saúde, paso importante para ir, pouco a pouco, acadando ese fin tan necesario.

Non habendo máis intervencións procedese á votación, rexeitándose polos votos en contra do PP e a favor dos do PsdeG-PSOE e MÓVETE.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Se inicia o punto de rogos e preguntas concedendo a palabra o Sr. Alcalde en funcións á Concelleira do PsdeG-PSOE, **Dña. Belén Louzao**, quen inicia o seu turno dicindo que o seu grupo político trae a este Pleno unha serie de rogos e preguntas que lle trasladan veciños deste concello.

En primeiro lugar se roga ao grupo de goberno para que dispoña en torno á capela de San Brais (parroquia de Codeseda) dun pequeno centro de ocio ou parque infantil para os cativos da zona, considerando o número elevado de nenos/as existentes entorno a este lugar.

En segundo lugar, tendo en conta que no entorno da Carballeira de A Sagrada existen diversas casas de turismo rural, as cales se atopan cunha ocupación do cen por cen, pídesse que na mesma tamén se instale un parque infantil para as familias que están de visita no noso concello.

Tamén prega que se arranxe na parroquia de Codeseda, no lugar de Xubrei, o refuxio escolar que, na actualidade, está en condicións lamentables; incluso, os

veciños tamén lles pedían que se arranxara unha saída de fecais ubica xusto en fronte do dito refuxio.

En terceiro lugar, pregunta ao grupo de goberno sobre cal é o estado no que se atopa o proxecto do Centro Hípico e os acordos aos que se chegou con SOCADE, á vista das preguntas sobre o tema de distintas casas de turismo rural co gallo de ofrecer actividades aos seus hóspedes, ademais de descoñecer se se ten acceso público a este centro.

Tamén pregunta se o Concello ten pensado tomar medidas con respecto á Oficina de Turismo, por considerar que é necesaria unha adecuada información turística no noso concello. Recorda que se había chegado a un acordo pleneario de actualizar a guía turística, así como a actualización das páxinas web; a este respecto di que a propia páxina web municipal non está actualizada en materia turística, polo que considera necesaria que se faga dita actualización sobre as actividades de ocio e outras informacións sobre as instalacións deportivas. Ante o anterior pregunta se o grupo de goberno se ten pensado facer algo ao respecto deste tema.

Por outra banda, roga que se lle dea traslado da información solicitada polo seu grupo político en relación coas denuncias existentes en material de persoal contra este Concello.

Así mesmo recorda o rogo que se fixo máis dun ano sobre que no entorno da Praza de Oca se arranxen os buratos existentes.

Roga tamén que se rocen as silvas que invaden a beirarrúa preto da Estación de Autobuses.

Finalmente, prega que o grupo de goberno se poña en contacto coas persoas que rexentan o Pazo de Oca ou, incluso, que este concello lle facilite un contedor de lixo extra, xa que nas datas que se celebran bodas ou outros eventos o volume de lixo é máis grande e iso redunda nunha imaxe fea e sucia.

Contesta o **Sr. Alcalde en funcións**, con respecto a este último rogo, que polos responsable do dito Pazo xa foi solicitado máis contedores de lixo ante a celebración dun evento que se ía celebrar no mesmo, chegando ao acordo de que o que non coupera dentro dos contedores se sacaría en bolsas de lixo perfectamente pechadas. Sen embargo se recibiu fotos e chamadas pola cantidade de lixo existente no entorno ao Pazo producindo unha imaxe nefasta; ante isto o grupo de goberno se puxo en contacto co responsable do Pazo, o cal proceu á limpeza e retirada do lixo para quitala o día que pasaba o camión de recollida. Descoñece se eso foi así ou non, pero ese foi o trato ao que se chegou, pero si sabe que se incrementaron o número de contedores de lixo.

En canto ao tema dos centros de ocio para os pequenos en Codeseda, se buscará a maneira das súas instalacións, pero non só nesta parroquia, senón tamén noutras do municipio.

Con respecto ao refuxio escolar de Xubrei, di que se arranxará o máis pronto posible, así como que se buscará solución á saída que se atopa alí de augas fecais.

No que se refire ao Centro Hípico, di que as obras se atopan rematadas, estando pendente da autorización da Consellería de Rural, necesaria para exercer como tal centro; a este respecto comenta que falou cos responsables sobre o que faría falta e, neste senso, se dixo que era necesaria unha entrada independente para o Centro Hípico con respecto á zona da feira, é dicir, que teñen que estar separados ámbolos dous espazos.

En canto á Oficina de Turismo, esta estivo aberta ata o día de hoxe, sendo a persoa quen atendía un becario de Deputación Provincial de Pontevedra; aclara que a Deputación considerou que non era unha oficina moi visitada e, por tal motivo, reduxo o importe e, como consecuencia, este ano quedamos sen becario, o que, unido á imposibilidade de poder contratar persoal, ocasionou que a Oficina de Turismo non poidera abrirse. Nestes momentos se está a contratar para poñer en valor o patrimonio turístico do noso concello para amosar a todos os visitantes.

No tema da actualización da páxina web municipal, o Sr. Alcalde en funcións di que se está a traballar para amosar a todos los interesados as actividades e lugares de ocio para disfrutar non só na época estival senón tamén noutras estacións do ano. Por outra banda, non que se refire á axenda cultural, está disponible na APP existente para tal efecto.

En canto ao rogo das silvas xunto á Estación de Autobuses, lembra que se trata dunha propiedade privada e que se está traballando para instar a que limpen

esa parcela, sen embargo se procederá a limpar aquelas que invaden a beirarrúa e así deixala libre e limpa.

Por último, con respecto ás denuncias de persoal solicitadas, di que estas están nas Xuntas de Goberno Local e se dará orde para que poidan velas.

A **Sra. Belén Louzao** di que esa é resposta que se lles da sempre, pero o que ela pide e que se lle dean copias desas sentenzas, o que foi solicitado por escrito. É máis, di que a contestación que se lle da é que a persoa de recursos humanos está en elo, polo que pide que sega en elo e así poder facilitarlles as copias que solicitan. Aclara, por outra banda, que nas Xuntas de Goberno Local só se da conta da Sentenza, nada máis, e o que solicitan é o expediente, onde figure o nome do traballador demandante e motivo da demanda.

O **Sr. Alcalde en funcións** di que se toma nota de petición para que lle sexan facilitadas o antes posible.

A Concelleira de **MÓVETE, Dna. Mar Blanco**, inicia o seu turno trasladando unha demanda veciñal para que se arranxe o camiño público que vai dende a rúa Fermín Bouza Brei ao colexio Pérez Viondi, tratándose dun atallo que pasa por unha zona de aparcamento; di que sabe que se trata dunha finca de titularidade privada, polo que se pide que o Concello faga de intermediario cos propietarios para que acondicionen o firme, ao igual que se fixo cos outros aparcamentos sitos en Correos e na Casa das Letras, considerando que esta é unha boa época para acondicionar eses terreos evitando así que no inverno se convirta en intransitable para os nenos/as que o atravesan para asistir ao colexio.

Tamén prega que se actualice a páxina web da Estrada, eliminado dela o horario de apertura da Oficina de Turismo, xa que este ano non vai a estar en funcionamento, así como tamén engadindo nela as localizacións dos lugares de interese a visitar (por exemplo a Fervenza de Callobre) e as árbores senlleiras do noso Concello, o que tamén redundaría no coidado do noso patrimonio, por exemplo a ponte de Rubín, a cal necesita de limpeza e adecentamento.

Pregunta se este ano se vai a celebrar a Feira da Becerra, porque dende **MÓVETE** enténdese que é unha celebración importante que debería de retomarse este ano en aras de potenciar o sector agro-gandeiro, sobre todo considerando que existen unhas instalacións adecuadas para facela e temos no municipio gandeiros con reses de calidade; polo que insta que se celebre novamente esta Feira.

Roga, así mesmo, que se convoque unha Comisión Informativa para saber o estado actual do procedemento que se vai a seguir para modificar o proxecto do polígono sectorial do moble e así poder dar a opinión do seu grupo político ao respecto.

Por último, pregunta sobre a afectación do Castro de Aguións polo trazado da variante ao non saber se hai algunha nova información ao respecto e se existe algún informe definitivo de Patrimonio.

O **Sr. Alcalde en funcións**, con respecto á última pregunta, di que se están a facer varios estudos dende que se atopou parte dunha segunda muralla, co fin de saber o que alí existe e así cambiar o trazado para poder salvar os achazgos localizados nesa zona; a partires de aí, cando se teñan os informes oficiais non haberá problema en facelos públicos.

En canto á celebración dunha Comisión Informativa para informar sobre o proxecto do polígono sectorial do moble, xa se convocará cando haxa unha novidade neste tema.

No que se refire á Feira da Becerra, di que a exposición de motivos está ben, pero hai que contar coa opinión e desexo dos gandeiros, estando en contacto continuo con eles para programar a celebración ou non desta Feira e saber se dita celebración produce beneficio ou prexuízo para eles en materia de gastos, xa que a preparación das reses para traelas á Feira non é doada, así como o manexo delas para os diferentes concursos morfolóxicos.

Polo que respecta á actualización da páxina web do Concello, cré que quedou contestada no anterior turno da Concelleira do PsdeG-PSOE, pero di que efectivamente existen moitos lugares de interese turístico (Picho de Curantes, a Fervenza da Toxa, o Castro de San Miguel de Castro,...) que hai que sinalar na páxina pola súa difícil localización; ademais das rutas de senderismo.

O Sr. Alcalde en funcións, no refirente ao camiño que une a rúa Fermín Bouza Brei co Colexio Pérez Viondi, contesta que ese arranxo está previsto no cronograma dos traballadores municipais para realizalo antes do inicio do curso escolar. En canto a falar cos propietarios deses terreos, xa se falou e non están de acordo con cedelos do xeito que están cedidos, polo que están de acordo que se rocen e adecenten os terreos, pero non queren que se lles bote zahorra ou outro tipo de material, sen embargo este Concello intenta manter en bo estado esa zona e o camiño da mellor forma posible.

Di a **Sra. Mar Blanco** que conviña repasar ese camiño este ano porque xa está un pouco deteriorado e continuar insistíndolle aos propietarios para arranxar as fuchancas e facilitar o tránsito por alí.

Pide a palabra a **Sra. Belén Louzao** para reiterar un rogo relativo ao arranxo dunha pista en Trabadela en que se está convertindo en intransitable, así como outra en A Bugalleira.

O **Sr. Alcalde en funcións** di que toma nota deste rogo para incluír ditos arranxos na programación dos traballos de bacheo.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas vinte minutos.

A Estrada, 4 de agosto de 2016
A SECRETARIA ACCTAL.,

Asdo.: M^a Jesusa Fernández Bascuas